

Acta núm. 5/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de febreiro de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampredo Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 26 de febreiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 15 de febreiro de 2019.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de segregación.
- 4º.- Prezo público pola asistencia aos cursos de ofimática 2019.
- 5º.- Bonificacións de prezos públicos.
- 6º.- Licenzas de primeira ocupación.
- 7º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 15 de febreiro de 2019, acta núm. 04/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE BUSTELO BARCO, na que comunica que vai reparar a cuberta do galpón de 14 x 9 m., situado en Gándara 17, San Salvador, substituíndo o material de cubrición en mal estado por tella nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por HERMITAS RIVAS LEMOS, na que comunica a legalización das obras consistentes no peche da terraza con galería e cuberta de policarbonato, de 13 m2, na vivenda de Chave de Ponte 16,

Bastavales, segundo memoria asinada polo arquitecto técnico Luciano Piñeiro Bermúdez.

A parcela onde se executaron as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar a legalización das obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Margarita Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de CARMEN PEREZ GUISANDE, na que solicita modificación da licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local o 07/06/2008, segundo proxecto de modificación redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña e Pontevedra o 24/01/2019, visado núm. CO-20190038.

O motivo da solicitude é a necesidade de recoller os lindeiros da finca matriz e das parcelas resultantes segundo a situación física real, posto que existían erros na descrición dos lindeiros na licenza concedida, sendo a descrición da parcela de orixe e das parcelas resultantes correcta a seguinte:

Descrición da parcela matriz:

A parcela matriz responde á seguinte descrición:

Parcela de Concentración Parcelaria de Bastavales, nº: 308.

Paraxe coñecida como "Pereira".

Superficie : 2.820 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural. NRL-1.

Lindes:

Norte: camiño realizado sobre terreo excluído e zona excluída de concentración parcelaria, que se corresponde coa parcela catastral 4927104NH2442N de Carmen Pérez Guisande.

Sur: finca catastral 4927117NH2442N de Pablo Lago Sanmartín.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, que a separa de Digna Vellés Mayo (309), de José Pérez Míguez e outros (310) e de Domingo Pérez Míguez (311).

Oeste: finca de Carmen Pérez Guisande.

As parcelas resultantes (3) logo da segregación e as súas superficies son as seguintes:

Parcela A.

Superficie: 739 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural. NRL-1.

Lindes:

Norte: camiño realizado sobre terreo excluído e zona excluída de concentración parcelaria, que se corresponde coa parcela catastral 4927104NH2442N de Carmen Pérez Guisande.

Sur: co resto da finca matriz procedente desta segregación.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, que a separa de Digna Vellés Mayo (309), e de José Pérez Míguez e outros (310).

Oeste: Carmen Pérez Guisande.

Parcela B.

Superficie: 993 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural. NRL-1.

Lindes:

Norte: co resto da finca matriz procedente desta segregación.

Sur: finca catastral de Pablo Lago Sanmartín.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, que a separa de José Pérez Míguez e outros (310) e de Domingo Pérez Míguez (311).

Oeste: Carmen Pérez Guisande.

Resto da parcela matriz.

Superficie: 1.088 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural. NRL-1.

Lindes:

Norte: parcela A procedente desta segregación.

Sur: parcela B procedente desta segregación.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria que a separa de José Pérez Míguez e outros (310).

Oeste: Carmen Pérez Guisande.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a modificación da licenza solicitada, que afecta unicamente aos lindeiros, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ESPERANZA BUSTELO BARCO, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral nº 8133806NH2483S0000EA, situada en Gándara, San Salvador, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra o 29.01.2019, visado núm. CO20190053.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 8133806NH2483S0000EA

Superficie total: 3.203 m².

Clasificación urbanística: ten tres clasificacións:

.- 556 m² en solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

.- 650m², en solo clasificado como solo rústico de protección forestal.

.- 1.997m², en solo clasificado como solo rústico de protección das augas.

Lindes:

Norte: vía pública e coas parcelas A e B.

Sur: herdeiros de Dolores Bustelo Tobío e outros (29 e 28), canle de drenaxe no medio.

Leste: Bernardino Vilas (26).

Oeste: Manuel Fernández Carballo (31) e coa parcela B.

Segregación pretendida:

Avelleira - Parcela C1:

Superficie bruta: 556 m²

Superficie de cesión: 19 m²

Superficie neta: 537 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: vía pública.

Sur: parcela C2 procedente desta segregación.

Leste: Bernardino Vilas (26).

Oeste: parcela B.

Avelleira - Parcela C2:

Superficie bruta: 2.647m²

Superficie de cesión: non se establece.

Superficie neta: 2.647 m²

Clasificación urbanística: 650 m² en solo rústico de protección forestal e 1.997 m² en solo rústico de protección das augas.

Lindes:

Norte: parcela C1 procedente desta segregación e coas parcelas A e B.

Sur: herdeiros de Dolores Bustelo Tobío e outros (29 e 28), canle de drenaxe no medio.

Leste: Bernardino Vilas (26).

Oeste: Manuel Fernández Carballo (31).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo da seguinte superficie: 19,00 m² destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Ampudia Aixendri, que di actuar en representación de INMOBILIARIA CHONIA S.L, na que solicita licenza de agrupación e posterior segregación de tres parcelas sitas no lugar de Estrar, segundo proxecto redactado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.02.2019, visado núm.1900520.

Descrición das parcelas de orixe:

Finca nº1

Superficie: 11.991,70 m².

Referencia catastral 6937303NH2463N0001WL, de 5.124,85 m², clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 do PXOM.

Referencia catastral 15013B505004950000MD, de 6.866,85 m², clasificada como solo rústico de protección de augas, segundo a Disposición Transitoria Primeira, 2.d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia e como solo rústico de protección agropecuaria.

Lindes:

Norte: camiño construído por concentración parcelaria.

Sur: regato.

Leste: regato e parcela 496 de Severina Rey Pereira (15013B505104940000MH).

Oeste: parcela 494 de Carmen Nimo Boullón e outro.

Finca nº2

Superficie: 1.725,85 m².

Referencia catastral 6937302NH2463N0001HL, de 938,70 m², clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2 do PXOM.

Referencia catastral 15013B505004960000MX, de 787,15 m², clasificada como solo rústico de protección de augas, segundo a Disposición Transitoria Primeira, 2.d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: camiño construído por concentración parcelaria.

Sur: regato.

Leste: parcela 497 de Julián Francisco Torres Casal.

Oeste: parcela 495 de María Manuel Torres Casal e outros.

Finca nº3

Superficie: 6.301,70 m².

Referencia catastral 6937301NH2463N0001UL, de 4.375,10 m², clasificada como solo de núcleo rural séndolle de aplicación as ordenanzas NRL-1 e NRL-2 do PXOM.

Referencia catastral 15013B505004970000MI, de 1.926,60 m², clasificada como solo rústico de protección de augas, segundo a Disposición Transitoria Primeira, 2.d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: camiño construído por concentración parcelaria.

Sur: regato e parcela 498 de Filomena Nimo Rodríguez.

Leste: estrada da Gándara á Picaraña e parcela 498 de Filomena Nimo Rodríguez (15013B505004980000MJ).

Oeste: parcela 496 de Severina Rey Pereira.

Agrupación pretendida:

Parcela A:

Superficie: 10.438,65 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1) e solo núcleo rural NRL-2.

Agrúpanse as parcelas coas seguintes referencias catastrais:

Referencia catastral 6937303NH2463N0001WL, de 5.124,85 m²

Referencia catastral 6937302NH2463N0001HL, de 938,70 m²

Referencia catastral nº 6937301NH2463N0001UL, de 4.375,10 m²

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe viario clasificado neste fronte como viario interior a núcleo.

Sur: parcela B procedente desta agrupación e parcela 498 de Filomena Nimo Rodríguez (15013B505004980000MJ).

Leste: estrada de A Picaraña á Gándara, hoxe AC-300.

Oeste: parcela B procedente desta agrupación.

Parcela B:

Superficie: 9.580,60 m².

Clasificación urbanística: 7.575,30 m² en como solo rústico de protección de augas, segundo a Disposición Transitoria Primeira, 2.d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia e 2.005,30 m² en solo rústico de protección agropecuaria.

Agrúpanse as parcelas coas seguintes referencias catastrais:

Referencia catastral 15013B505004950000MD, 6.866,85 m².

Referencia catastral 15013B505004960000MX, 787,15 m².

Referencia catastral 15013B505004970000MI, 1.926,60 m².

Lindes:

Norte: en parte, camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe viario clasificado neste fronte como viario entre núcleos e parcela resultante A procedente desta agrupación.

Sur: regato.

Leste: en parte parcela resultante A procedente desta agrupación e parcela 498 de Filomena Nimo Rodríguez.

Oeste: parcela 494 de Carmen Nimo Boullón e outro (15013B505104940000MH).

Segregación pretendida da parcela A:

Parcela 01.

Superficie bruta: 833,65 m².

Superficie de cesión: 66,95 m²

Superficie neta: 766,70 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte. camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe viario clasificado neste fronte como viario interior a núcleo (38,96m)

Sur: parcela 02 procedente desta segregación (36,15 m).

Leste: estrada de A Picaraña á Gándara, hoxe AC-300.

Oeste: parcela 04 procedente desta segregación (12,90 m).

Parcela 02.

Superficie bruta: 723,00 m².

Superficie de cesión: 0,00 m²

Superficie neta: 723,00 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte. parcela 01 procedente desta segregación (36,15 m).

Sur: parcela 03 procedente desta segregación (36,15 m).

Leste: estrada de A Picaraña á Gándara, hoxe AC-300 (20,00 m).

Oeste: parcela 04 procedente desta segregación (20,00 m).

Parcela 03.

Superficie bruta: 666,30 m².

Superficie de cesión: 0,00 m²

Superficie neta: 666,30 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte. parcela 02 procedente desta segregación (36,15 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación e parcela 498 de Filomena Nimo Rodríguez (15013B505004980000MJ)

Leste: estrada de A Picaraña á Gándara, hoxe AC-300 (10,00 m).

Oeste: parcela 04 procedente desta segregación (21,94 m).

Parcela 04.

Superficie bruta: 715,45 m².

Superficie de cesión: 28,55 m²

Superficie neta: 686,90 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte. camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (15,51 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 01 procedente desta segregación, en liña de 12,90 m, parcela 02 procedente desta segregación, en liña de 20,00 m, e parcela 03 procedente desta segregación, en liña de 21,94 m.

Oeste: parcela 05 procedente desta segregación (41,57 m) e cesión da parcela 05 procedente desta segregación.

Parcela 05.

Superficie bruta: 928,05 m².

Superficie de cesión: 116,40 m²

Superficie neta: 811,65 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estras e Guisande (32,79 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 04 procedente desta segregación, en liña de 41,57 m.

Oeste: parcela 06 procedente desta segregación, en liña de 27,62 m.

Parcela 06.

Superficie bruta: 811,50 m².

Superficie de cesión: 104,05 m²

Superficie neta: 707,45 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (30,50 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 05 procedente desta segregación, en liña de 27,62 m.

Oeste: parcela 07 procedente desta segregación, en liña de 20,91 m.

Parcela 07.

Superficie bruta: 933,40 m².

Superficie de cesión: 198,00 m²

Superficie neta: 735,40 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (58,00 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 06 procedente desta segregación, en liña de 20,91 m.

Oeste: parcela 08 procedente desta segregación, en liña de 5,42 m.

Parcela 08.

Superficie bruta: 1.075,75 m².

Superficie de cesión: 199,80 m²

Superficie neta: 875,95 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (58,00m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 07 procedente desta segregación, en liña de 5,42 m.

Oeste: parcela 09 procedente desta segregación, en liña de 31,15 m.

Parcela 09.

Superficie bruta: 889,45 m².

Superficie de cesión: 76,00 m²

Superficie neta: 813,45 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (21,50 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 08 procedente desta segregación, en liña de 31,15 m.

Oeste: parcela 10 procedente desta segregación, en liña de 44,35 m.

Parcela 10.

Superficie bruta: 1.325,35 m².

Superficie de cesión: 71,50 m²

Superficie neta: 1.253,85 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (20,00 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 09 procedente desta segregación, en liña de 44,35 m.

Oeste: parcela 11 procedente desta segregación, en liña de 72,28 m.

Parcela 11.

Superficie bruta: 1.536,75 m².

Superficie de cesión: 92,75 m²

Superficie neta: 1.444,00 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño procedente de concentración parcelaria, hoxe vía de comunicación entre os núcleos de Estrar e Guisande (25,35 m).

Sur: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

Leste: parcela 10 procedente desta segregación, en liña de 72,28 m.

Oeste: parcela B resultante da agrupación, clasificada como solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal, polo asesor xurídico urbanístico do Concello e a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de data 13.12.2018 (Expediente núm.: IF205A 2018/000223-1), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións do terreo das seguintes superficies: 66,95 m², 28,55 m², 116,40 m², 104,05 m², 198,00 m², 199,80 m², 76,00 m², 71,50 m² e 92,75 m², destinados a vias ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por EVA ANGUEIRA MARIÑO, na que solicita licenza de segregación dunha finca en Chave de Ponte, segundo proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial da Coruña, Francisco Ansedes Domínguez, visado con data 20.12.2018, visado núm. 2335/18-ST.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 9113202NH2491S0001WT.

Superficie: 2.803 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

Lindes:

Norte: camiño municipal.

Sur: parcelas con referencia catastral 9113203NH2491S0001AT e 9113205NH2491S0001YT.

Leste: camiño municipal.

Oeste: parcela con referencia catastral 9113206NH2491S000GT.

Segregación pretendida:

Parcela 1.

Superficie bruta: 1.601 m².

Superficie de cesión: 107 m²

Superficie neta: 1.494 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño municipal.

Sur: parcelas con referencia catastral 9113203NH2491S0001AT e 9113205NH2491S0001YT.

Leste: camiño municipal.

Oeste: parcela 2 procedente desta segregación.

Sobre esta parcela hai unha edificación dedicada a vivenda e almacén que ocupa unha superficie en planta de 262 m² e superficie total construída 366 m².

Parcela 2.

Superficie bruta: 1.202 m².

Superficie de cesión: 63,90m²

Superficie neta: 1.138,10m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño municipal.

Sur: parcela con referencia catastral 9113205NH2491S0001YT.

Leste: parcela 1 procedente desta segregación.

Oeste: parcela con referencia catastral 9113206NH2491S000GT.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións do terreo das seguintes superficies: 107 m² e 63,90 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS CURSOS DE OFIMÁTICA 2019.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 23/01/2019 de prezo público para a asistencia aos cursos de ofimática 2019, que se realizarán cunha duración de 4, 10, 20 e 40 horas, dependendo do curso, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión ordinaria do 19.02.2019.

Vistos o informe técnico do 19/01/2019 e o informe de intervención do 23/01/2019.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de ofimática 2019, de acordo coas seguintes tarifas:

- Prezo público alumno curso de 4 horas.....5,00 €
- Prezo público alumno curso de 10 horas.....15,00 €
- Prezo público alumno curso de 20 horas.....30,00 €
- Prezo público alumno curso de 40 horas.....50,00 €
- Persoas desempregadas.....50% de desconto.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

QUINTO.- BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por M.J.L.M., con rexistro de entrada no Concello núm. 523, do 14.02.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de power point.

Vista a proposta desfavorable da traballadora social do 18.02.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a M.J.L.M. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 15 €, correspondente a súa participación no curso de power point, posto que a actividade en sí non se considera necesaria para levar a cabo un itinerario de inserción social, nin parece completar o currículo da persoa solicitante de cara a unha posible integración laboral e a cota de participación para todo o curso non resulta inasumible.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar á interesada.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por B.M.S., con rexistro de entrada no Concello núm. 414, do 05.02.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de power point.

Vista a proposta desfavorable da traballadora social do 15.02.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a B.M.S. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 15 €, correspondente a súa participación no curso de power point, posto que a actividade en sí non se considera necesaria para levar a cabo un itinerario de inserción social, nin parece completar o currículo da persoa solicitante de cara a unha posible integración laboral e a cota de participación para todo o curso non resulta inasumible.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar á interesada.

c) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por E.M.V.M., con rexistro de entrada no Concello núm. 442, do 07.02.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de power point.

Vista a proposta desfavorable da traballadora social do 15.02.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a E.M.V.M. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 15 €, correspondente a súa participación no curso de power point, posto que a actividade en sí non se considera necesaria para levar a cabo un itinerario de inserción social, nin parece completar o currículo da persoa solicitante de cara a unha posible integración laboral e a cota de participación para todo o curso non resulta inasumible.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar á interesada.

d) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.D.V.A.B., con rexistro de entrada no Concello núm. 441, do 07.02.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de power point.

Vista a proposta desfavorable da traballadora social do 15.02.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a A.D.V.A.B. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 15 €, correspondente a súa participación no curso de power point, posto que a actividade en sí non se considera necesaria para levar a cabo un itinerario de inserción social, nin parece completar o currículo da persoa solicitante de cara a unha posible integración laboral e a cota de participación para todo o curso non resulta inasumible.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar á interesada.

e) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por K.R.A., con rexistro de entrada no Concello núm. 443, do 07.02.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de power point.

Vista a proposta desfavorable da traballadora social do 15.02.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a K.R.A. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.5 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 15 €, correspondente a súa participación no curso de power point, posto que a actividade en sí non se considera necesaria para levar a cabo un itinerario de inserción social, nin parece completar o currículo da persoa solicitante de cara a unha posible integración laboral e a cota de participación para todo o curso non resulta inasumible.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar á interesada.

SEXTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA JOSE MANCEBO SEOANE, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Bastavaliños 42, Bastavales.

Con data 25.08.2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María José Mancebo Seoane, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bastavaliños 42, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta Elisa Fernández Pérez con data 12.02.2019, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña o 19/02/2019, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo as 13,55 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González